



SI

A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2017

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2018



Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2017

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2018



ÍNDICE

Introdución	5
I. Fogares con dispositivos electrónicos	6
II. Fogares con Internet contratado e banda larga	15
III. Persoas que utilizaron equipos electrónicos nos 3 últimos meses	27
IV. Persoas que utilizaron Internet nos 3 últimos meses	37
V. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet	49
VI. eAdministración	58
Conclusións	68



INTRODUCCIÓN

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado en outubro de 2012, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos. O acordo de colaboración permite evitar a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

No presente informe recóllense os resultados dos principais indicadores da Sociedade da Información nos fogares galegos, elaborados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Este organismo é o responsable de realizar o procesamento estatístico e a análise que se presenta neste Diagnóstico, que forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.


Medición da evolución das TIC nos fogares

A información que se amosa neste diagnóstico procede dun módulo da Enquisa Estrutural a fogares. No ano 2017 a enquisa recolleu información de 8.019 fogares onde reside cando menos unha persoa de 16 a 74 anos. Supón un total de 16.900 persoas de 16 a 74 anos de idade.

O presente informe constitúe unha síntese dos resultados da evolución da Sociedade da Información en Galicia, a través do equipamento e usos das TIC nos fogares galegos nos que residen persoas de 16 a 74 anos de idade. En concreto, ofrécese información sobre a dispoñibilidade de ordenador e outros dispositivos electrónicos, Internet contratado e banda larga. Ademais, avaliarase a utilización do ordenador e Internet por parte das persoas, a adquisición dalgún ben ou servizo a través de Internet e o uso da administración electrónica.

A enquisa aporta datos desagregados por subconxuntos de idade, sexo, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

I. DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS FOGARES




- ➡ O 71,9% dos fogares galegos contan cun ordenador (sobremesa ou portátil, tablet ou PDA) no seu fogar, acadando o 90,3% dos fogares nos que residen nenos/as en idade escolar.

Fogares con dispositivos electrónicos

A presenza de ordenadores en Galicia, incluíndo na definición, os equipos tanto de sobremesa como portátiles, tablets ou PDA, continúa crescendo no último ano, acadando unha porcentaxe do 71,9% dos fogares galegos con estes dispositivos.


O incremento da presenza de ordenadores maniféstase tamén a nivel estatal e europeo, o que amosa a importancia deste tipo de equipamento para a sociedade actual.

G.1. FOGARES CON ORDENADORES



Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2017)


G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Fogares con ordenadores

Evolución Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2014-2017)

Fogares con ordenadores

Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Nota: non se dispón de datos europeos para o ano 2014 e 2016

O ordenador portátil é o dispositivo con máis presenza, estando no 56,3% dos fogares galegos. Ocupa o segundo posto o PDA ou tablet, dispoñible nun 37,7% das vivendas en Galicia, superando xa o ordenador de sobremesa.

G.3. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO O DISPOSITIVO

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Analizando as provincias galegas, nos fogares da Coruña obsérvase unha maior presenza de ordenadores cun 75,5%, e en Pontevedra cun 72,5%. Pola outra banda, situaríanse os fogares de Ourense, onde a presenza de ordenadores (sobremesa, portátiles ou PDAs e tablets) é dun 63,3%.

G.4. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O tamaño de hábitat incide de xeito significativo na dispoñibilidade de ordenadores nas vivendas, sendo as vivendas situadas nos concellos de máis de 20.000 habitantes as que acadan porcentaxes superiores ás da media autonómica, mentres que nos concellos de menor poboación, descende a presenza de ordenadores ata o 55,6%.

G.5. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

As áreas de Santiago (80,7%) e de A Coruña (79,7%) confirman os datos anteriores, referidos a núcleos con maior poboación con maior presenza de ordenadores.

G.6. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO A ÁREA


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

De seguido facemos unha visualización da información anterior nun mapa que permite ver en función da intensidade de cores, a maior presenza de ordenadores en áreas próximas a zonas urbanas como Santiago ou A Coruña.

G.7. MAPA DE FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Os sete concellos con maior poboación de Galicia superan a media autonómica (71,9%), A excepción da cidade de Ferrol, as cidades da provincia da Coruña son as que maior porcentaxe de dispositivos electrónicos posúen, A Coruña cun 82,6% e Santiago cun 84,2%.

G.8. FOGARES CON ORDENADORES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O número de persoas que conviven no fogar tamén amosa ser un factor que incrementa a dispoñibilidade de ordenadores, acadando o seu máximo valor nos fogares de 4 membros, onde a presenza destes dispositivos é do 90,1%.

G.9. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O volume de ingresos do fogar tamén incide de xeito directo neste indicador, de xeito que nos fogares onde as rendas son máis altas acadan o 95,5% de dispoñibilidade de ordenador, mentres que nos de menor volume de ingresos descende ata o 40,8%.

G.10. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo tamén na dispoñibilidade de ordenadores no fogar, de xeito que o 90,3% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos posúe ordenadores, fronte ao 66,1% onde non residen rapaces desta idade.

G.11. FOGARES CON ORDENADORE SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

II. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO E BANDA LARGA




- ➡ O 84,1% dos fogares galegos posúe Internet contratado, o que supón un incremento de 5,4 puntos porcentuais respecto ao último dato obtido no ano 2016.
- ➡ No período 2014 – 2017 reduciuse a fenda dixital na contratación de Internet con respecto á media europea en 7,7 puntos porcentuais.
- ➡ O 32% dos fogares galegos contan cunha velocidade de Internet contratada superior aos 30 Mbps, o que supón un incremento do 13,1% respecto ao ano 2016

Fogares con Internet contratado

O 84,1% dos fogares galegos contan con Internet, o que supón un incremento de 5,4 puntos porcentuais respecto ao último dato obtido no 2016. Esta conexión a é, na súa totalidade, de banda larga, xa que a velocidade de conexión a Internet acadaba sempre velocidades iguais ou superiores a 1Mbps.


G.12. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO



Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Un ano máis, a evolución de fogares con Internet contratado en Galicia é superior a observada a nivel estatal e europeo, acadando un crecemento do 19,5% no período 2014-2017. Cabe salientar que no período 2014 – 2017, reduciuse a fenda dixital na contratación de Internet respecto á media europea en 7,7 puntos porcentuais.


G.13. EVOLUCIÓN DO INDICADOR DE INTERNET CONTRATADO E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Fogares con internet contratado

Evolución Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2014-2017)

Fogares con internet contratado

Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Resaltamos novamente as provincias de Pontevedra e A Coruña, que contan cunha maior porcentaxe de fogares con conexión a Internet contratado, mentres que os fogares das provincias de Lugo e Ourense sitúanse por baixo da media.

G.14. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Os fogares situados nos hábitats máis poboados acadan porcentaxes superiores de contratación de Internet, por riba do 86% nos concellos de máis de 20.000 habitantes.

G.15. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

En liña cos datos anteriores, nas áreas circundantes ás grandes cidades da provincia da Coruña é onde maior porcentaxe de fogares con Internet contratado se observa, un 89,2% na área de Santiago e un 88,2% na área da Coruña.


G.16. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

G.17. MAPA DE FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

No caso de fogares con Internet contratado nos sete concellos de maior poboación, destacan os concellos da Coruña, Santiago e Vigo, con porcentaxes iguais ou superiores ao 90%.

G.18. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Tamén o número de persoas que residen no fogar repercute na contratación de Internet, sendo os fogares de 4 residentes os que posúen a maior porcentaxe de contratación (97,2%). Nos fogares unipersoais, a porcentaxe de acceso a Internet contratado é do 65,8%, moi relacionado cos fogares habitados por persoas maiores exclusivamente.

G.19. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A renda familiar é un factor que reflicte de xeito considerable na maior contratación de Internet, cun 98,6% de fogares con altos ingresos (máis de 3.500 euros) con Internet contratado.

G.20. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A convivencia con nenos/as en idade escolar (dos 3 aos 16 anos) tamén incide nunha maior contratación de Internet, acadando unha porcentaxe do 97,5%, e reducíndose en 17,6 puntos porcentuais na aqueles fogares onde non residen nenos en etapa escolar.

G.21. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

En canto á velocidade de conexión a Internet contratada, o 67,9% dos fogares contan cunha velocidade de 1 a 30 Mbps, seguida do 22,1% dos fogares con conexión de 30 a 100 Mbps, e finalmente o 9,9% dos fogares que contan cunha velocidade superior aos 100 Mbps.

G.22. TIPO DE VELOCIDADE DE CONEXIÓN NOS FOGARES

Fogares segundo a súa velocidade de conexión


(% sobre o total de fogares con conexión a Internet onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA-IGE

En termos evolutivos, o 32% dos fogares galegos contan cunha velocidade de Internet contratada superior aos 30 Mbps, o que supón un incremento do 13,1% respecto ao ano 2016, amosando a rápida evolución de velocidade nos fogares galegos.

G.23. VELOCIDADE DE CONEXIÓN SUPERIOR AOS 30 MBPS NOS FOGARES




Base: fogares con conexión a Internet
Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

G.24. EVOLUCIÓN DO INDICADOR 2016-2017

Fogares con velocidade de conexión superior aos 30 Mbps

(% sobre o total de fogares con conexión a Internet onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE

Os principais motivos que alegan os fogares galegos para non dispoñer de Internet nos seus fogares é a percepción da falta de necesidade ou utilidade, con valores superiores ao 50%. Destaca tamén a falta de coñecementos para usalo, citada por un 43% dos fogares.

G.25. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO

(% sobre o total de fogares sen conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Na análise por provincias destaca o feito de que nas de Ourense e de Lugo é onde resulta máis frecuente que os usuarios non contraten acceso a Internet na súa vivenda porque consideran que non o necesitan, en porcentaxes iguais o u superiores ao 60%.

C.1. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

MOTIVACIÓNS	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Non o necesitan	57,6	67,9	60,0	55,0	58,6
Non o queren	50,9	58,8	53,9	54,8	53,7
Non lles resulta útil	34,8	51,7	43,2	37,6	39,4
Non o coñecen	33,8	33,8	26,3	44,8	36,2
Teñen poucos coñecementos para usalo	41,0	43,8	36,2	48,3	43,0
Custos altos do equipamento	17,5	18,9	11,4	30,3	20,9
Custos altos de conexión	16,7	22,2	13,2	29,9	21,2
Téñeno noutro lugar	6,9	4,8	4,3	13,0	8,2
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	0,8	1,3	3,1	3,4	2,0

Base: fogares sen conexión a Internet
Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O menor nivel de ingresos no fogar provoca que os custos, tanto de conexión como de equipamento, sexan os motivos máis sinalados para non dispoñer de conexión a Internet contratado.

C.2. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

MOTIVACIÓNS	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Non o necesitan	45,5	59,8	61,9	62,1	52,1	60,4	58,6
Non o queren	37,2	53,1	57,3	61,9	50,3	72,9	53,7
Non lles resulta útil	28,8	40,3	39,8	48,7	20,3	59,7	39,4
Non o coñecen	29,6	33,2	39,8	42,8	21,8	55,1	36,2
Teñen poucos coñecementos para usalo	30,1	44,2	45,0	47,2	50,0	35,8	43,0
Custos altos do equipamento	38,5	24,4	16,0	9,0	13,5	19,7	20,9
Custos altos de conexión	41,4	22,8	15,8	11,6	17,4	19,7	21,2
Téñeno noutro lugar	8,5	8,2	5,6	10,7	14,8	24,1	8,2
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	2,9	1,6	2,2	1,8	2,7	---	2,0

Base: fogares sen conexión a Internet
Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

III. PERSOAS QUE UTILIZARON OS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS TRES ÚLTIMOS MESES




☞ A idade, o nivel de ingresos e a convivencia con nenos en idade escolar son os factores que máis inciden no uso de dispositivos electrónicos.

Persoas que utilizaron os dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

A partir do ano 2017 o indicador de uso de ordenador contempla tamén o uso doutros dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil ou tablet). Polo tanto, débese interpretar o notable crecemento desde a perspectiva dun cambio na definición deste indicador, incluíndo adicionalmente o uso de smartphones.


G.26. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS TRES ÚLTIMOS MESES



G.27. EVOLUCIÓN DO INDICADOR¹

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses. Evolución Galicia

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2014-2017)

¹ No ano 2017 produciuse un cambio metodolóxico neste indicador, incluíndo tamén o uso de smartphone

O uso de dispositivos electrónicos non rexistra diferenzas significativas con respecto ao sexo.

G.28. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A distancia entre os usuarios máis novos e de maior idade respecto ao uso de dispositivos electrónicos por parte do conxunto da poboación é significativa, acadando o 99,1% de utilización nos de 16 a 24 anos fronte ao 36,1% no tramo de idade de 65 a 74 anos.

G.29. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O incremento na formación incide directamente no uso do ordenador entre a poboación galega, de modo que a porcentaxe de usuarios de dispositivos electrónicos sitúase sempre por riba do 90% entre as persoas con educación secundaria ou superior.

G.30. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Estudantes e ocupados constitúen o grupo ocupacional que máis utilizan o ordenador e os móbiles, mentres que os xubilados/as úsano en valores próximas ao 40%.

G.31. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

As provincias da Coruña e Pontevedra sitúanse por riba da media galega no uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses.

G.32. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O tamaño do hábitat afecta directamente a este indicador, acadando a súa maior porcentaxe nos concellos de máis de 20.000 habitantes, con valores superiores ao 83%.

G.33. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

As áreas da Santiago (86,4%), A Coruña (85,4%) e Vigo (83,8%) son as que contan con maior proporción de usuarios de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses. En contraposición, a área de Ourense Sur rexistra a porcentaxe máis baixa de uso de ordenador e móbiles, cun 64,9%.


**G.34. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES
SEGUNDO A ÁREA**

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

G.35. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Considerando a información dos concellos con maior poboación de Galicia, Santiago é o que conta cun maior uso de dispositivos electrónicos, cun 91,6. En todos os casos, os grandes concellos de Galicia superan á media autonómica (80,3%).

G.36. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

As persoas que conviven en fogares de catro membros son os que contan cun maior uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses, cun 89,1%, seguido dos fogares de tres membros, que acadan o 83,4%.

G.37. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O nivel de ingresos no fogar afecta de maneira directamente proporcional ao uso de dispositivos electrónicos, sendo as persoas que conviven nos fogares cun maior nivel de ingresos os que rexistran un maior nivel de uso do ordenador nos últimos tres meses (89,5%).

G.38. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A presenza de nenos en idade escolar obrigatoria no fogar tamén incide claramente no uso do ordenador por parte dos residentes, superando en 16,2 puntos porcentuais aos fogares onde non conviven nenos/as.

**G.39. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES
SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS**



Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

IV. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES


The background of the slide is a blue-toned abstract image. It features a grid of rounded squares, some of which contain binary code (0s and 1s). Overlaid on this are various shapes and patterns, including what appears to be a close-up of a computer keyboard and more binary code, creating a digital and technological aesthetic.

➡ A porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses incrementouse en Galicia en 4,4 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses


Continúa o incremento de galegos/as que empregan Internet, acadando xa o 78,4% da poboación galega de 16 a 74 anos e experimentando un crecemento de 4,4 puntos porcentuais respecto ao ano 2016.

G.40. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES




No período 2014-2017, a evolución de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses en Galicia é superior ao crecemento estatal e europeo. Así, Galicia incrementou o uso de Internet nos últimos tres meses nun 13,1% dende o ano 2014, fronte ao 11% do conxunto de España e o 7,7% da Unión Europea

G.41. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2014-2017)

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A idade continua sendo unha variable que afecta de xeito directo ao uso de Internet, observándose que a menor idade maior uso da Rede, acadando niveis de uso do 99,1% nas idades máis temperás. A comparativa entre Galicia e España amosa que, ata os 44 anos, Galicia converxe coa media estatal e mesmo a supera lixeiramente entre os 16 e os 34 anos.

G. 42. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)– INE 2017

A fenda de xénero respecto ao uso de Internet entre os galegos e galegas reduciuse no último ano, pasando de ser de 3 puntos, a tan só 0,7 puntos porcentuais. Isto reflicte un crecemento importante do uso de Internet durante os últimos tres meses entre as mulleres galegas, concretamente no último ano, aumentou en 5,6 puntos fronte aos 3,3 puntos de incremento entre os homes.

G. 43. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2017)


Diagnóstico 2017. A Sociedade da Información nos fogares galegos

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2014-2017)

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre homes de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2017)

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre homes de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

O nivel formativo incide nunha maior porcentaxe de utilización de Internet, de xeito que a partir da Educación Secundaria ou ensinanzas superiores, o uso de Internet supera o 95%.

G. 44. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A análise en base á situación laboral indica que estudantes e ocupados son os colectivos que máis utilizaron Internet nos últimos tres meses..

G. 45. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A Coruña e Pontevedra son as provincias que acadan un maior uso de Internet nos últimos tres meses, superando ambas as dúas a media autonómica.

G. 46. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O uso de Internet continúa a incrementarse en todos os tipos de hábitat analizados, estando especialmente estendido nos concellos de máis de 50.000 habitantes, onde supera amplamente a media galega e acada unha porcentaxe do 85,5%. Cabe salientar, especialmente, o incremento de 11,9 puntos porcentuais no uso de Internet experimentado polos concellos de menos de 5.000 habitantes nos dous últimos anos analizados.

G.47. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Respecto ás áreas xeográficas que posúen maior porcentaxe de usuarios de Internet, salientar as áreas metropolitanas da Coruña (84,1%), Santiago (85,5%) e Vigo (82,7%). No extremo contrario, sitúanse as áreas de Ourense Sur, O Carballiño-Ribeiro, Lugo Sur e Oriental e a área da Costa da Morte con porcentaxes que non acadan o 70%.



G.48. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

G.49. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Todos os grandes concellos de Galicia superan a media autonómica, sendo o concello de Santiago, cun 90,6%, o que rexistra a maior porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses.

G.50. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A maior porcentaxe de usuarios de Internet sitúase nos fogares de 4 membros, , onde se rexistra o máximo de 87,6% de usuarios/as.

G. 51. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O nivel de ingresos no fogar tamén constitúe un indicador determinante á hora de utilizar a Rede, e nos fogares con rendas superiores a 1.800 euros comeza a superarse a media autonómica.

G. 52. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A convivencia con nenos en idade escolar incide de xeito significativo nun maior uso de Internet, cunha diferenza de 17,5 puntos porcentuais entre os fogares con nenos en idade escolar e naqueles que non residen rapaces.

G.53. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Frecuencia de uso de Internet


Entre os galegos/as que utilizaron Internet nos últimos tres meses, un 83% fano a diario e un 14,1% todas as semanas, en porcentaxes superiores á media estatal.

G.54. FRECUENCIA DE USO DE INTERNET



Base: total de persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2017); INE (2017)

V. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET




➡ Continúa o incremento das compras realizadas a través de Internet, cun incremento de tres puntos porcentuais en Galicia no último ano.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet


O crecemento das compras dos internautas galegos continúa en ascenso, acadando ao 31,8% da poboación galega que adquiriu algún ben ou servizo a través de Internet nos tres últimos meses e aumentando 3 puntos porcentuais no último ano.

G.55. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES



Base: total de persoas
Fonte: OSIMGA + IGE (2017)


G.56. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses

Evolución Galicia

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2014-2017)

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses

Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A compra a través da Rede nos tres últimos meses non amosa diferenzas significativas en función do sexo.

G.57. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Son os mozos con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos os que acadan unha maior porcentaxe de compra a través de Internet, concretamente, o 56,2% afirmaron comprar algún ben ou servizo a través da rede nos tres últimos meses. En segundo lugar, sitúase a mocidade de 16 a 24 anos, seguidos dos de 35 e 44 anos (48% e 45,2% respectivamente).

G. 58. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O nivel de estudos é tamén unha variable que afecta de maneira proporcional á porcentaxe de compra a través de Internet, superando o 50% no caso de persoas con graos universitarios ou estudos superiores.

G. 59. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

As persoas estudantes e os ocupados son os segmentos da poboación que rexistran unha maior porcentaxe de compra a través da rede. No resto de situacións socio-laborais analizadas, non se acada a media autonómica.

G.60. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A Coruña e Pontevedra son as provincias galegas que acadan unha maior porcentaxe de compradores a través de Internet.

G. 61. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Os hábitats con maior número de habitantes son os que acadan as porcentaxes máis altas de compras de bens ou servizos a través de Internet, superando a media autonómica no caso dos hábitats de máis 20.001 habitantes.

G.62. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A área de Santiago e Ourense Central, son as que acadan unha maior porcentaxe neste indicador, cun 43,2% e 39,4% respectivamente.



G.63. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

**G.64. MAPA DE PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS
TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A ÁREA**




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

En canto a análise dos sete grandes concellos, destacan Ferrol e Santiago cun 45,6% e 44,4% respectivamente.

G.65. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A maior número de persoas no fogar, maior porcentaxe de compra a través da rede, ata acadar os fogares de 5 membros ou máis, onde o indicador diminúe.

G.66. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Respecto ao nivel de ingresos no fogar, a evolución do indicador é directamente proporcional, acadando o seu valor máximo nos fogares con ingresos superiores a 3.500 euros cun 48%.

G. 67. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A presenza de nenos en idade escolar obrigatoria incrementa a porcentaxe de compradores a través da rede en 10,9 puntos porcentuais respecto aos fogares que non contan con menores de 16 anos.

G.68. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

VI. eADMINISTRACIÓN




☞ O Galicia avanta á media estatal e á europea no uso da eAdministración.

eAdministración

A porcentaxe de galegos que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información foi do 67,4% no ano 2017, o que supón un incremento do 1% no último ano.


G.69. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA OBTEN INFORMACIÓN



Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Este indicador descendeu tanto no ámbito estatal como no europeo, concretamente descendeu 3,2 puntos porcentuais en España e 2 puntos porcentuais en Europa no último ano.

G.70. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Diagnóstico 2017. Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información

Evolución Galicia

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Fonte: OSIMGA+IGE (2014-2017)

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información

Comparación Galicia, España e UE


(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A descarga de formularios a través de Internet durante os últimos 12 meses incrementouse nun 1,2% durante o 2017 en Galicia, acadando o 60,6%.

G.71. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA DESCARGAR FORMULARIOS



Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

En Galicia, ao igual que aconteceu coa procura de información, a descarga de formularios tamén se sitúa por riba da media estatal e europea, e presenta unha evolución positiva, ao contrario que acontece cos outros dous territorios.

G.72. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Crecemento no período 2014 - 2017

Galicia: 14,3%. España: -2,9%. UE: -5,4%

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios

Evolución Galicia

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Fonte: OSIMGA+IGE (2014-2017)

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios

Comparación Galicia, España e UE


(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

O 66,1% das persoas que utilizaron Internet nos últimos 12 meses utilizárono para enviar formularios cumprimentados ás Administracións Públicas.

G.73. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA ENVIAR FORMULARIOS CUMPRIMENTADOS



Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

En canto á evolución do indicador, en Galicia produciuse un crecemento máis elevado que no conxunto de España e Europa no período 2014-2017, concretamente sufriu un incremento do 14,7%, fronte o 5,1% nacional, e o 9,1% europeo.

G.74. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA


Crecemento no período 2014 - 2017



Galicia: 14,7%. España: 5,1%. UE: 9,1%

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para enviar formularios cumprimentados


Evolución Galicia



Fonte: OSIMGA+IGE (2014-2017)

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para enviar formularios cumprimentados

Comparación Galicia, España e UE



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A provincia de Pontevedra rexistra a maior porcentaxe de internautas que interactuaron coas Administracións Públicas utilizando Internet.

C.3. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A PROVINCIA

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Para obter información	67,6	59,8	62,7	71,0	67,4
Para descargar formularios oficiais	60,4	51,2	60,9	63,6	60,6
Para enviar formularios cumprimentados	66,8	57,0	60,6	69,7	66,1

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

En termos xerais, o tamaño de hábitat inflúe na interacción coas Administracións Públicas a través de Internet, incrementándose esta a medida que o fai o número de habitantes.

C.4. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	TAMAÑO DE HÁBITAT (%)					Total (%)
	Ata 5.000 hab.	De 5.001 a 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	
Para obter información	56,3	59,1	65,6	72,2	72,3	67,4
Para descargar formularios oficiais	49,9	51,3	55,8	61,1	68,7	60,6
Para enviar formularios cumprimentados	54,5	60,1	64,0	71,2	70,3	66,1

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O volume total de ingresos tamén é unha variable que inflúe de xeito significativa na porcentaxe de persoas que interaccionan electronicamente coas Administracións Públicas, aumentando de xeito proporcional en todos os trámites a medida que se incrementan os ingresos do fogar.

C.5. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Para obter información	48,5	52,0	61,0	68,7	75,2	78,0	67,4
Para descargar formularios oficiais	41,8	44,1	53,8	62,0	68,4	71,7	60,6
Para enviar formularios cumprimentados	44,8	49,0	59,8	68,2	73,4	76,8	66,1

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A presenza de nenos/as no fogar incrementa a interacción das persoas coas AAPP a través de Internet, aínda que a diferenza de porcentaxes non é tan significativa como noutros indicadores.

C.6. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	CONVIVENCIA CON NENOS / AS ESTUDANTES (%)		Total (%)
	Con nenos /as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Para obter información	71,7	65,6	67,4
Para descargar formularios oficiais	64,8	58,7	60,6
Para enviar formularios cumprimentados	70,1	64,3	66,1

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Atendendo a variable de xénero, a interacción coas Administracións Públicas non amosa diferenzas significativas entre homes e mulleres.

C.7. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O SEXO

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	SEXO (%)		Total (%)
	Home	Muller	
Para obter información	67,2	67,7	67,4
Para descargar formularios oficiais	60,1	61,0	60,6
Para enviar formularios cumprimentados	65,3	66,8	66,1

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Segundo á idade, obsérvase que a menor idade maior interacción coas AAPP, superando dunha maneira notable a media galega os menores de 44 anos.

C.8. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO IDADE

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Para obter información	87,9	81,0	72,4	60,5	50,2	37,5	67,4
Para descargar formularios oficiais	76,1	72,3	65,9	54,8	45,4	34,6	60,6
Para enviar formularios cumprimentados	79,2	79,3	72,3	60,8	49,6	38,0	66,1

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

A formación é unha vez máis, un factor que inflúe positivamente na interacción coas Administracións Públicas, con independencia do trámite analizado: A maior nivel de estudos, maior é o uso de Internet para estas cuestións.

C.9. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	NIVEL DE ESTUDOS (%)									Total (%)
	Sen estudos	E. Prima	1ª etapa de E.Sec.	2ª etapa de E.Sec.	E. Postsecundaria	FP	Graos uni. de 240 créd	Graos uni. >240 créd	Doutorado	
Para obter información	13,5	23,2	49,3	74,2	60,5	78,9	86,4	88,8	89,9	67,4
Para descargar formularios oficiais	3,8	20,1	40,8	66,7	43,5	72,2	80,9	86,0	89,1	60,6
Para enviar formularios cumprimentados	13,0	21,4	46,7	73,6	78,4	79,1	84,5	88,4	87,3	66,1

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Segundo a ocupación, son os estudantes, xunto cos ocupados, os grupos que acadan maiores porcentaxes de interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

C.10. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	OCUPACIÓN (%)						
	Ocupado	Parado	Xubilado	Persoas con discapacidade	Tarefas do fogar	Estudando	Total (%)
Para obter información	71,4	64,1	42,3	36,5	44,4	93,5	67,4
Para descargar formularios oficiais	64,9	56,2	39,3	28,5	38,4	82,1	60,6
Para enviar formularios cumprimentados	71,1	61,8	43,4	33,7	45,4	83,3	66,1

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Conclusións

A porcentaxe de fogares galegos con Internet contratado ascendeu a 84,1%, o que supón un incremento de 5,4 puntos no último ano

O 84,1% dos fogares galegos contan con Internet, o que supón un incremento de 5,4 puntos porcentuais respecto ao último dato obtido no 2016. Un ano máis, a evolución de fogares con Internet contratado en Galicia é superior a observada a nivel estatal e europeo, acadando un crecemento do 19,5% no período 2014-2017. Cabe salientar que no período 2014 – 2017, reduciuse a fenda dixital na contratación de Internet respecto á media europea en 7,7 puntos porcentuais

En canto á velocidade de conexión a Internet contratada, o 67,9% dos fogares contan cunha velocidade de 1 a 30 Mbps, seguida do 22,1% dos fogares con conexión de 30 a 100 Mbps, e finalmente o 9,9% dos fogares que contan cunha velocidade superior aos 100 Mbps. En termos evolutivos, o 32% dos fogares galegos contan cunha velocidade de Internet contratada superior aos 30 Mbps, o que supón un incremento do 13,1% respecto ao ano 2016, amosando a rápida evolución de velocidade nos fogares galegos.

Respecto á análise da utilización de Internet, a porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses incrementouse en Galicia 4,4 puntos respecto ao ano anterior e sitúase no 78,4%. No período 2014-2017, a evolución de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses en Galicia é superior ao crecemento estatal e europeo. Así, Galicia incrementou o uso de Internet nos últimos tres meses nun 13,1% dende o ano 2014, fronte ao 11% do conxunto de España e o 7,7% da Unión Europea.

Entre os galegos/as que utilizaron Internet nos últimos tres meses, un 83% fano a diario e un 14,1% todas as semanas, en porcentaxes superiores á media estatal.

O uso de Internet continúa a incrementarse en todos os tipos de hábitat analizados, estando especialmente estendido nos concellos de máis de 50.000 habitantes, onde supera amplamente a media galega e acada unha porcentaxe do 85,5%. Cabe salientar, especialmente, o incremento de 11,9 puntos porcentuais no uso de Internet experimentado polos concellos de menos de 5.000 habitantes nos dous últimos anos analizados.

Os factores que inciden principalmente nos indicadores TIC analizados son a idade, o nivel de estudos e a ocupación, a estrutura e a renda familiar e o tamaño do hábitat.

Con independencia do indicador que se estea a analizar, atópanse un denominador común: A influencia de determinados factores e características socio-demográficas na implantación e evolución das TIC en Galicia.

- A menor idade, maior uso da Internet, acadando niveis de uso practicamente universais nas idades máis temperás. A comparativa entre Galicia e España amosa que, ata os 44 anos, Galicia converxe coa media estatal e mesmo a supera lixeiramente entre os 16 e os 34 anos.
- Estudantes, ocupados e con nivel formativo superior á etapa secundaria son os colectivos que máis utilizaron Internet nos últimos tres meses.
- A contratación de Internet é superior nos fogares que contan con nenos/as en idade escolar obrigatoria, superando á media autonómica en 13,4 puntos porcentuais.
- Os fogares situados nos hábitats máis poboados acadan porcentaxes superiores de contratación de Internet, por riba do 86% nos concellos de máis de 20.000 habitantes..
- O número de persoas no fogar novamente afecta de maneira positiva á contratación de Internet, superando o 93% de fogares con Internet contratado nas vivendas de 3 ou máis membros.

Galicia avanta a media estatal e á europea no uso da eAdministración.

A porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información foi do 67,4% no ano 2017, o que supón un incremento do 1% no último ano.

Dous de cada tres internautas galegos tamén enviaron formularios cumprimentados ás Administracións Públicas a través de Internet. En canto á evolución do indicador, en Galicia produciuse un crecemento máis elevado que no conxunto de España e Europa no período 2014-2017, concretamente sufriu un incremento do 14,7%, fronte o 5,1% nacional, e o 9,1% europeo.

En Galicia, a interacción da cidadanía coas Administracións Públicas sitúase por riba da media estatal e europea

En relación ás compras a través da Rede, o crecemento das compras dos internautas

galegos continúa en ascenso, acadando ao 31,8% da poboación galega que adquiriu algún ben ou servizo a través de Internet nos tres últimos meses e aumentando 3 puntos porcentuais no último ano.

